Foro económico de Galicia

Informe de Conxuntura socioeconómica

III / 2025

Fernando González Laxe (coord.)
José Francisco Armesto Pina
Patricio Sánchez Fernández
Santiago Lago Peñas

www.foroeconomicodegalicia.es

ASPECTOS SALIENTABLES

1. As economías galega e española seguen a caracterizarse polo seu significativo dinamismo en comparación coa media europea, a dos países da zona euro así como das súas principais economías. O PIB en Galicia medra un 2,5% respecto ao ano anterior, situándose esta porcentaxe no 1,6% na UE e no 1,5% na zona euro. En relación ao trimestre anterior, a economía galega medra un 0,5% fronte ao 0,1% en Europa. Una vez máis España presenta un maior dinamismo ao medrar un 3,1% respecto ao ano anterior e un 0,7% en termos intertrimestrais.

2. O crecemento agregado do PIB galego caracterízase polo seu equilibrio, cunha achega positiva tanto da demanda interna como externa (2,2 e 0,3 puntos, respectivamente), o que contrasta coa economía española e europea onde a demanda externa detrae décimas ao crecemento do PIB. En España a demanda interna aporta 3,5 puntos en tanto que o sector exterior detrae medio punto. O cadro macroeconómico galego reflicte o significativo crecemento do investimento (4,8%) tras a caída do ano anterior, aumentando tanto o consumo público como privado un 1,7%. No caso do sector exterior, as exportacións redúcense un 1,2% fronte á caída do 2% no caso das importacións. Cómpre mencionar que no último trimestre todos os compoñentes da demanda, tanto interna como externa presentan en España un mellor comportamento.

3. No concernente á ás vendas a terceiros países, as exportacións increméntanse un 0,6%, o que supón dous puntos e medio menos que no ano precedente. Con todo, a cota de mercado das exportacións galegas no total estatal mantense no 7,9%, o valor máis elevado nun primeiro semestre nos últimos dez anos. A UE concentra o 69% das vendas exteriores, o que supón o peso máis reducido dende 2017, manténdose Francia, Portugal e Italia como os principais destinos ao acoller case o 42% do valor total (39,7% no ano anterior), ascendendo Turquía ao cuarto lugar (6,2% fronte ao 4,1% de 2024). No primeiro semestre de 2025 exportan regularmente en Galicia un total de 2.692 empresas, un 0,9% máis que no ano anterior, o que supón o 54,5% das empresas exportadoras (51,4% no conxunto do Estado); estas empresas concentran o 98,1% do valor total das exportacións galegas (96,4% en España). A devandita concentración xeográfica e sectorial apréciase tamén na base exportadora, onde as cinco primeiras empresas exportadoras concentran en Galicia o 44,6% das exportacións galegas (30,4% no ano anterior), valores significativamente máis elevados que no conxunto de España (9,2% en 2025).

4. Dende o lado da oferta, a evolución do PIB explícase polo crecemento do 6,6% estimado para o sector da construción fronte ao 2,7% do sector servizos e o 2,4% da industria, sendo esta medra de tan só unha décima no sector primario. No ámbito industrial destaca o crecemento do 5,1% da actividade manufactureira, case tres puntos máis que en España. O maior crecemento da economía española explícase fundamentalmente polo dinamismo do sector servizos, cunha medra interanual do 3,4%, aumentando un 2,6% o sector industrial. A pesar

de que a produtividade aparente do factor traballo en Galicia segue a ser inferior á media española, redúcese significativamente o diferencial en relación ao ano 2019.

5. O mercado de traballo de traballo galego presenta en termos agregados un balance global positivo atendendo á evolución da participación das persoas no mercado laboral e na ocupación (taxa de actividade e taxa de emprego) a importante redución da taxa de desemprego, especialmente significativa no caso do paro feminino, e que no último trimestre prosegue a mellora na calidade do emprego. Con todo, estes datos teñen de ser matizados novamente tendo en conta tanto que Galicia se mantén entre as CC.AA. con menores taxas de actividade e ocupación, así como polo menor dinamismo na creación de emprego que o conxunto do Estado.

6. A poboación activa no segundo trimestre do ano medra un 1,3% respecto ao ano anterior, incremento que ven motivado tan só polo comportamento das mulleres (3,2% máis), o que contrasta co descenso do 1,3% no caso dos homes (-0,5%). Asemade, o devandito incremento da poboación activa estímase tanto entre as persoas de nacionalidade estranxeira e española; destacando así mesmo, o incremento entre aquelas persoas con estudos superiores rematados e, entre os maiores de 55 anos. Por contra, descende de xeito importante entre aqueles con menor nivel formativo e entre os que teñen unha idade comprendida entre 35 e 44 anos.

7. Tras un incremento interanual do PIB do 2,5%, a poboación ocupada estimada pola EPA e o número de afiliacións acadan o seu máximo histórico, con 1.165,5 ocupados e 11.093,8 afiliacións (2,6% e 1,7% máis que no ano precedente). Os datos recollidos na EPA reflicten que o emprego prodúcese tan só entre as mulleres, e cunha intensidade superior á do conxunto do Estado, destacando ademais que todo o emprego creado é emprego indefinido, situándose Galicia como a cuarta C.A. con menor taxa de temporalidade. A creación de emprego ven motivada en maior medida polo comportamento do sector servizos e da actividade manufactureira, aumentando tan só o emprego por conta allea. Xunto a isto, mellora a posición dos fogares tendo en conta o descenso do número de fogares onde todas as persoas activas están en situación de desemprego e o aumento daqueles onde os seus activos están ocupados.

8. No que ao desemprego se refire, tras a redución nun 11,4% da poboación parada (EPA) o paro ascende a 106.100 persoas, o valor máis baixo de toda a serie, descendendo a taxa de paro ata o 8,3%. Por primeira vez dende 2014 o desemprego afecta en menor medida ás mulleres, cuxa taxa de paro sitúase no 8% fronte ao 8,7%. Asemade, cómpre destacar o descendo do 20,6% do número de persoas que levan máis dun ano nesa situación (-11,4% o paro total). As taxas de paro amosan que o desemprego segue a afectar en maior medida ás persoas menores de 25 anos, estranxeiros e con estudios primarios.

CONTIDOS

I- ANÁLISE CONXUNTURA:
. Contas económicas.
. Mercado de Traballo.

O Informe de Conxuntura Socioeconómica ten como obxectivo subministrar aos axentes sociais, económicos e políticos a información básica e estratéxica que permita definir a situación actual da economía de Galicia. Asemade, pretende facilitar a avaliación continua das magnitudes máis salientables do noso país, e analizar os avances e melloras, mais tamén os atrancos ou retrocesos na súa dinámica macroeconómica.

ISSN 2530-318X
Editado en Ourense polo Foro Económico de Galicia
Facultade de CC. Empresariais e Turismo - Universidade de Vigo
Campus Universitario 32004
Outubro 2025

I- ANÁLISE DE CONTAS

Contas económicas no II trimestre 2025. Crecemento sostido do PIB galego a pesar da súa ralentización.

A economía galega e española seguen a presentar un maior dinamismo que o conxunto de países da UE e da zona euro, ao medrar no segundo trimestre un 0,5% (0,7% en España) respecto ao trimestre anterior fronte ao 0,1% experimentado no ámbito europeo. En termos anuais, o PIB medra en Galicia un 2,5%, seis décimas inferior á media española, sendo esta porcentaxe novamente superior á estimada para o conxunto da Unión Europea (1,6%), e os seus principais socios comerciais.

O crecemento galego segue a caracterizarse polo seu equilibrio, con achegas positivas tanto da demanda interna como externa, a diferenza do que acontece en España e na Unión Europea, onde o sector exterior detrae décimas ao crecemento do PIB. A demanda interna constitúe o motor de crecemento, cunha aportación de 2,2 puntos ao agregado do PIB fronte a 0,3 puntos no caso da demanda externa, o que contrasta coa economía española onde a demanda interna contribúe con 3,5 puntos, e a demanda externa detrae 5 décimas. O cadro macroeconómico galego reflicte o significativo crecemento do investimento (4,8%) tras a caída do ano anterior, aumentando tanto o consumo público como privado un 1,7%. No caso do sector exterior, as exportacións redúcense un 1,2% fronte á caída do 2% no caso das importacións. Cómpre mencionar que no último trimestre todos os compoñentes da demanda, tanto interna como externa presentan en España un mellor comportamento.

Dende o lado da oferta, a evolución do PIB explícase polo crecemento do 6,6% estimado para o sector da construción fronte ao 2,7% do sector servizos e o 2,4% da industria, sendo esta medra de tan só unha décima no sector primario. No ámbito industrial destaca o crecemento do 5,1% da actividade manufactureira, case tres puntos máis que en España. O maior crecemento da economía española explícase fundamentalmente polo dinamismo do sector servizos, cunha medra interanual do 3,4%, aumentando un 2,6% o sector industrial.

Actividade económica

A economía do conxunto de países da Unión Europea (UE-27) e da zona euro ralentiza considerablemente o seu crecemento no segundo trimestre de 2025 ao medrar tan só un 0,1% respecto ao trimestre anterior, o valor máis reducido nun segundo trimestre dende o inicio da recuperación eco-

nómica da crise orixinada pola pandemia. Entre as cinco grandes economías europeas, España presenta o maior dinamismo, cunha medra do 0,7%, por diante de Francia e Países Baixos, cunha taxa de variación intertrimestral do 0,3% e 0,1%, respectivamente. Isto contrasta coa caída do PIB en Italia e Alemaña, cunha redución do 0,1% e 0,3%, respectivamente. Xunto a estes países, Portugal, o noso segundo socio comercial tras Francia, presenta unha medra do 0,6%.

En termos interanuais, a economía da Unión Europea e da conxunto da zona euro presentan no último trimestre unha medra do 1,6% e 1,5%, respectivamente, porcentaxes significativamente superiores ás rexistradas no mesmo período do anterior (0,7% e 0,5%). Entre as grandes economías europeas tan só España presenta un crecemento superior á media europea, cunha medra interanual do 3,1%, o que supón seis décimas menos que no ano precedente, ascendendo ata o 1,5% en Países Baixos e o 0,8% en Francia (0,8% e 1% en 2024). O PIB en Italia medrou un 0,4%, tres décimas menos que no ano precedente, en tanto que en Alemaña a medra foi do 0,2%, o que contrasta coa contracción do 0,6%

O cadro macroeconómico publicado por Eurostat amosa que a demanda interna constitúe o motor de crecemento da economía europea, cunha achega en torno aos 2,5 puntos porcentuais, fronte ao comportamento da demanda externa que detrae nove décimas ao crecemento agregado do

PIB e principais compoñentes da demanda na UE-27, zona euros e principais economías europeas II trimestre 2025.


	Unión Europea	Zona Euro	Alemaña	Francia	Italia	España	Países Baixos
PIB	1,6	1,5	0,2	0,8	0,4	3,1	1,5
Gasto en consumo final	1,7	1,5	1,5	0,9	0,6	3,1	1,9
Gasto final das Administracións Públicas	1,8	1,7	2,1	1,4	0,5	2,0	3,0
Gasto final sector privado	1,6	1,4	1,3	0,7	0,6	3,4	1,2
Investimento (Formación Bruta de capital)	5,8	6,3	5,5	6,5	3,6	5,8	4,0
Investimento (Formación Bruta de capital fixo)	2,5	3,0	-1,0	-1,0	2,5	5,1	2,5
Achega da demanda interna	2,5	2,4		2,1	1,3	3,5	
Exportacións bens e servizos	0,7	0,3	-1,5	-0,8	-0,3	4,2	2,2
Importacións bens e servizos	2,6	2,4	3,8	3,1	2,5	6,1	3,4
Achega demanda externa	-0,9	-0,9		-1,3	-0,8	-0,5	

Fonte: Eurostat

PIB. Entre os distintos compoñentes da demanda interna salienta o dinamismo do investimento, cunha medra interanual do 5,8% na UE, aumentando un 1,7% o gasto en consumo final, o que contrasta co comportamento no mesmo período do ano anterior onde o investimento contráese nun 5,6% (o consumo final medra un 1,5%). Por contra, as importacións de bens e servizos medran un 2,6% fronte ao 0,7% no caso das exportacións.

Entre as principais economías da zona euro, o investimento é a compoñente que presenta un mellor dinamismo, aumentando un 6,5% en Francia e superando o 5% en Alemaña e España; destacando ademais España pola evolución do gasto en consumo final impulsado polo gasto privado (3,1% e 3,4%, respectivamente). No que á demanda externa se refire, fronte á contracción das exportacións en Alemaña, Francia ou Italia, países como España e Países Baixos presentan un crecemento do 4,2% e 2,2%, respectivamente; mentres que

Evolución do PIB real en Galicia e España, 2019-2025. Taxas de variación interanual



Fonte: IGE e INE

as importacións aumentan nas cinco grandes economías, salientando a economía española, cunha medra do 6,1% e Alemaña cun 3,8%.


No concernente á evolución da economía galega, o PIB segue a presentar un mellor comportamento que a Unión Europea, o conxunto de países da zona euro e os seus principais socios comerciais, aínda que se sitúa por baixo do rexistrado pola economía española. En concreto, no segundo trimestre de 2025 Galicia rexistra un incremento interanual do 2,5%, seis décimas menos que no conxunto do Estado; sendo este crecemento do 0,5% en relación ao trimestre anterior (0,8% en España).

DEMANDA AGREGADA

A economía galega caracterízase novamente por unha achega positiva tanto da demanda externa como da demanda interna, a diferencia do que acontece no conxunto da Unión Europea e nas principais economías da zona euro, onde a demanda externa detrae décimas ao crecemento do PIB. O cadro macroeconómico de Galicia reflicte que a demanda interna constitúe o principal motor de crecemento, cunha achega de 2,2 puntos ao crecemento agregado do PIB, en tanto que o sector exterior aporta tres décimas.

Entre os compoñentes da demanda

Achega da demanda interna e externa en Galicia e España



Fonte: IGE e INE

interna, na economía galega destaca, ao igual que acontece en España e nas principais economías da zona euro, o crecemento do investimento medido en termos da formación bruta de capital, cunha medra interanual do 4,8%, o que contrasta coa contracción experimentada nos segundos trimestres de 2023 e 2024. Doutra banda, o gasto en consumo final medra un 1,7%, producíndose esta crecemento na mesma intensidade tanto no sector privado como nas administracións públicas. Fronte a este comportamento, no conxunto de España o gasto en consumo final, impulsado en maior medida polo consumo privado, presenta unha medra do 3,1%, situándose este crecemento no 3,4% no caso dos fogares e no 2% no gasto público.

No que á demanda externa se refire, o cadro macroeconómico de Galicia reflicte que no segundo trimestre de 2025 a demanda externa contribúe positivamente ao crecemento agregado do PIB con tres décimas, como resultado dunha caída interanual do


Cadro macroeconómico de Galicia 2023-2025. Taxas de variación interanual

%

	2023	2024	2024/I	2024/II	2024/III	2024/IV	2025/I	2025II
Produto Interior Bruto	2,4	2,8	2,3	3,0	3,2	2,8	2,8	2,5
Demanda								
Gasto en consumo final	4,2	2,7	3,9	2,0	2,6	2,4	0,7	1,7
Fogares e institución privadas sen fin de lucro	3,9	1,6	3,0	0,9	1,6	1,1	0,3	1,7
AA. Públicas	4,9	5,8	6,6	5,0	5,5	6,2	1,7	1,7
Formación Bruta de Capital	-0,8	1,3	-0,2	-0,7	2,4	3,8	1,5	4,8
Achega demanda interna ao PIB	3,2	2,4	3,1	1,5	2,5	2,6	0,8	2,2
Exportacións	0,7	3,1	0,9	4,8	4,1	2,8	1,5	-1,2
Importacións	2,1	2,5	2,3	2,4	2,9	2,4	-2,1	-2,0
Achega demanda externa ao PIB	-0,8	0,4	-0,8	1,5	0,7	0,2	2,0	0,3
Oferta								
Sector primario	12,7	3,1	4,2	4,1	1,4	2,9	3,1	0,1
Industria	4,9	3,3	4,4	4,4	5,1	-0,6	1,4	2,4
Industria manufactureira	5,8	4,5	5,4	2,3	5,4	4,7	3,6	5,1
Construción	3,4	4,8	2,6	5,2	4,8	6,5	6,3	6,6
Servizos	0,9	2,8	1,8	2,7	3,0	3,6	2,9	2,7
Comercio, transporte e hostalería	0,8	1,3	-0,9	0,7	1,2	4,1	3,2	2,0
Información e comunicacións	6,3	12,1	19,5	15,5	9,8	4,8	4,4	1,5
Actividades financeiras e de seguros	-5,6	0,2	-3,1	1,8	-1,7	3,9	2,6	1,4
Actividades inmobiliarias	0,2	3,3	2,3	2,0	3,7	5,3	3,6	4,8
Actividades profesionais	2,6	3,1	2,6	4,1	2,8	3,0	4,6	4,1
Administración pública, sanidade e educación	1,3	3,9	3,5	3,8	5,6	2,8	1,9	2,6
Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	0,4	0,2	-0,4	0,0	0,4	0,8	0,8	0,9

Fonte: IGE

PIB real en Galicia e España no segundo trimestre de 2025. Indicadores de demanda e oferta. Taxas de variación interanual




Fonte: IGE, INE e Eurostat

1,2% das exportacións e do 2% no caso das importacións. Fronte á devandita contracción, na economía española as exportacións presentan unha medra do 4,2%, en tanto que as importacións o fan nun 6,1%.

Se se consideran tan só as relacións comerciais con terceiros países, o valor total acumulado das exportacións galegas ata xuño de 2025 presenta unha medra interanual do 0,6%, fronte ao 3,1% experimentado no mesmo período do ano anterior. En termos nominais, as exportacións ascenderon a 15.600,7 millóns de euros, 99,4 millóns máis que en 2024. Esta medra ven motivada en boa medida polo comportamento experimentado polo

sector de automóbiles e motos, cun incremento do 12,1% (349,6 millóns máis); produtos químicos, que aumentan un 13,1% (93,3 millóns máis) e compoñentes de automóbiles, que aumenta un 19,1% (89,4 millóns). Por contra, cómpre resaltar a caída das vendas de produtos petrolíferos nun 27,1% en relación ao ano anterior, o que supón 214,1 millóns menos, e das vendas de material de transporte nun 6,2% (87,3 millóns de euros menos). Tras esta evolución, no primeiro semestre do ano as exportacións galegas correspondentes ao sector do automóbil e motos representan o 24,3% do valor total, fronte ao 21,7% do sector téxtil-confección; e o 9,4% da pesca. A cota de mercado das exportacións galegas no total estatal mantense no 7,9% acadado no ano anterior, o valor máis elevado nun primeiro semestre nos últimos dez anos; sendo este peso relativo do 52,5% no caso da pesca ou do 36,4% no téxtil (17,2% no sector do automóbil).

Exportacións galegas 2024-25. Principais países e sectores económicos. Datos acumulados ao segundo trimestre.



Fonte: ICEX

Atendendo á desagregación segundo destino das vendas galegas ao exterior cómpre mencionar o elevado grado de concentración no mercado comunitario, que acolle o 69% das exportacións, se ben esta peso relativo é o máis reducido dente 20017; dirixíndose ao resto do continente europeo un 13,4% das vendas exteriores. África do norte, tras un incremento interanual

do 2,3%, mantense como a terceira área comercial ao acoller o 6,4% das exportacións galegas, unha décima máis que no ano precedente. Comparado co ano anterior, cómpre mencionar en primeiro lugar a redución das exportacións cara a UE nun 3,4% (380 millóns menos), o que contrasta co incremento do 30,1% das exportacións dirixidas ao resto de Europa (483,5 millóns máis) impulsado polas vendas a Turquía, que medran un 51,5% (330,7 millóns de euros máis). As exportacións ao continente asiático medran no primeiro semestre un 5,3% en relación ao ano precedente, a diferencia do que acontece no caso das vendas aos países africanos (-1,5%) e ao continente americano (-0,2%). Con todo, as exportacións ao norte de África, medran un 2,3% (22,3 millóns de euros máis); e as vendas aos países de América do sur un 21,5% (70 millóns máis).

No primeiro semestre de 2025 Francia, a pesar da redución do 15,2% do importe total das exportacións, mantense como principal destino das exportacións galegas ao acoller o 15,8% do total galego, o que supón tres puntos menos que no mesmo período do ano precedente. A continuación sitúase Portugal, cuxo peso relativo descende ata o 13,8% (13,2% no mesmo período do ano anterior), e Italia, cun 10,1%, unha décima por riba do ano precedente. Entre os dez primeiros destinos dos produtos galegos sete son países da UE, situándose Turquía como cuarto destino dos produtos galegos ao exterior, que tras unha medra do 51,5% concentra o 6,2% das exportacións galegas; por diante do Reino Unido en sétimo lugar, ao acoller o 5,5% das exportacións; e Marrocos na novena posición, cun 4,4%.

O devandito descenso en Francia ven motivado pola caída das exportacións de produtos enerxéticos (-75%; 166,7 millóns de euros menos) e de materiais de transporte (-36,8%; 156,8 millóns de euros máis). No extremo oposto, a evolución positiva das vendas exteriores a Turquía explícanse fundamentalmente polo incremento do valor das exportacións do subsector de automóbiles e motos nun 47,9% (222,9 millóns) e do sector de materiais de transporte (117,3%; 96,3 millóns de euros máis).

Por último, na análise da demanda externa cómpre facer referencia á base exportadora, é dicir, ao número de empresas que venden aos seus produtos fóra de España. No primeiro semestre de 2025 exportan regularmente en Galicia un total de 2.692 empresas, un 0,9% máis que no ano anterior, o que supón o 54,5% das empresas exportadoras (51,4% no conxunto do Estado). Estas empresas concentran o 98,1% do valor total das exportacións galegas, sendo esta porcentaxe do 96,4% en España.

A devandita concentración xeográfica e sectorial apréciase tamén na

base exportadora. Dunha banda, as cinco primeiras empresas exportadoras concentran en Galicia o 44,6% das exportacións galegas, ascendendo esta porcentaxe ata o 53,3% no caso das dez primeiras empresas (30,4% e 38,2% no ano anterior, respectivamente), sendo estes valores significativamente máis elevados que no conxunto de España (9,2% e 14,4%, respectivamente). Este nivel de concentración é superior ao rexistrado antes da crise orixinada pola pandemia (no conxunto do ano 2019 representan o 43,5% e 52,2%, respectivamente) aínda que inferior ao experimentado antes da crise económica e financeira de 2008 (as cinco primeiras empresas concentran o 47,9% das exportacións e as dez primeiras, o 53,9%).

AGREGADOS DA OFERTA


O crecemento do 2,5% do PIB galego no segundo trimestre de 2025 ven explicado polo crecemento do 6,6% estimado para o sector da construción fronte ao 2,7% do sector servizos e o 2,4% da industria, sendo esta medra de tan só unha décima no sector primario. O maior crecemento da economía española explícase fundamentalmente polo dinamismo do sector servizos, cunha medra interanual do 3,4%.

O sector da construción presenta a taxa de variación interanual máis elevada en Galicia, cunha medra superior ao 6% por terceiro trimestre consecutivo. En concreto, no segundo trimestre do ano medra un 6,6% fronte ao 4% en España. A industria no seu conxunto, a pesar do forte dinamismo da actividade manufactureira, medra a un ritmo inferior ao do conxunto do Estado, aumentando un 2,4% fronte ao 2,6% en España. A industria manufactureira crece un 5,1%, case tres puntos por riba do experimentado no Estado (2,2%).

Doutra banda, o crecemento do valor engadido bruto xerado polo sector servizos foi do 2,7%, sete décimas por baixo do estimado no conxunto de España. Tanto e Galicia como en España todos os sectores experimentan unha medra do veb xerado; con todo, mentres que en Galicia o maior crecemento rexístrase no caso das actividades inmobiliarias, cun 4,8%, por diante das actividades profesionais, cun 4,1%, no conxunto de España destacan as actividades profesionais, cunha medra do 5,2%, seguido polo comercio, transporte e hostalería, cun 4,9% (2% en Galicia).

No concernente ao sector primario, a actualización dos datos por parte do IGE reflicten que o valor engadido xerado polo sector medra un 0,1% respecto ao ano anterior, encadeando once trimestres consecutivos con taxas de

Evolución da estrutura produtiva de Galicia. Principais ramas de actividade (VEB Galicia = 100)



Fonte: IGE

variación positivas. No conxunto do Estado a actividade agraria e pesqueira, tras sete trimestres consecutivos de crecemento superior ao 7% medra tan só unha décima respecto ao ano anterior.

No que á estrutura produtiva se refire cómpre resaltar que o subsector de comercio, transporte e hostalería concentra no segundo trimestre de 2025 o 21,8% do veb galego, tres décimas por baixo do estimado no ano anterior (21,2% no mesmo período de 2008). A importancia relativa da administra-

ción pública, sanidade e educación descende ata o 18,4%, o que supón un nivel máis de dous puntos superior ao estimado no segundo trimestre de 2008 (16,3%).

Asemade, cómpre mencionar o peso da industria manufactureira mantense lixeiramente por riba do 13%, cando no mesmo período de 2008 representaba o 14%. A importancia relativa do sector da construción aumenta ata o 7,3%, dúas décimas máis que no ano precedente, porcentaxe que se sitúa lonxe do estimado en 2008 (12,3%). Por último, o sector primario representa o 5,1% do valor engadido xerado pola economía galega, nivel similar ao estimado no ano anterior e en 2008.


Distribución da renda

A mencionada evolución no ritmo de crecemento da economía galega tradúcese nunha mellora da Remuneración de asalariados (RA) e do Excedente bruto de explotación/Renda mixta bruta (EBE/RMB), se ben cunha intensidade desigual. As Contas trimestrais de Galicia reflicten que o incremento do 6,2% do PIB nominal a prezos correntes no primeiro trimestre de 2025 (último dato dispoñible) se traduce nun crecemento do 3,6% na remuneración dos asalariados, o máis reducido dende a recuperación económica da crise orixinada pola pandemia, e do 8,5% do EBE/RMB. Como consecuencia deste comportamento da RA, a súa participación na renda descende no último ano ata o 43,6%, catro décimas inferior á estimada no mesmo período do ano anterior, en tanto que o peso relativo do EBE/RMB se sitúa no 46,9% (46,4% no ano precedente). Atendendo á evolución ao longo dos últimos trimestres, dende o terceiro trimestre de 2021 o peso relativo da RA no PIB é inferior ao do EBE/RMB.

Comparado co acontecido no conxunto do Estado cómpre salientar dúas diferenzas. En primeiro lugar, a remuneración de asalariados en España sitúase ao longo de toda a serie considerada por riba do peso relativo do excedente bruto de explotación. En segundo lugar, o peso relativo da remuneración de asalariados mantén unha tendencia alcista, acadando no segundo trimestre de 2025 o 49,2% do PIB fronte ao 41,1% no caso do Excedente bruto de explotación.

Atendendo a distribución sectorial do peso da remuneración asalariado no valor engadido xerado, no primeiro trimestre de 2025 (último dato publicado polo IGE) o peso máis elevado rexistrouse na administración pública, cun 78,8%, situándose no 62% no caso das actividades profesionais. O peso ra remuneración de asalariados na industria manufactureira sitúase no 57,3%, fron-

Evolución da distribución da renda no PIB. 2021-2025 (% do PIB)



Fonte: IGE

te ao 53,6% no caso da construción e o 49,4% no conxunto do sector servizos. Por último, o peso relativo máis reducido acádase o sector primario, cun 20,1%.

• Indicadores derivados. Mercado de traballo

Vinculado ao mercado de traballo hai que facer referencia aos indicadores da produtividade aparente real e ao coste laboral unitario real (CLUR), recollidos nas contas económicas trimestrais de Galicia nos denominados indicadores derivados. A produtividade aparente defínese como o cociente entre o PIB e a ocupación, medida ben mediante o número de postos de traballo ben mediante o número de horas traballadas; mentres que o CLUR compara a remuneración por asalariado coa produtividade de traballo e os prezos, e se calcula dividindo a remuneración por asalariado entre a produtividade aparente nominal.

As contas económicas de Galicia reflicten que o dinamismo da actividade económica non se traslada ao mercado de traballo na mesma intensidade. Así, tras un incremento do PIB do 2,5% o número total de postos de traballo

equivalente a tempo completo medra no segundo trimestre de 2025 un 1,4% respecto ao ano anterior, catro décimas máis que o rexistrado no ano precedente, e o número total de postos de traballo un 1% fronte ao 0,7% en 2024. Da mesma maneira, o número de horas traballadas aumenta un 0,4% fronte á redución do 0,1% estimada no ano anterior. Por contra, o mercado de traballo en España presenta un importante crecemento de emprego en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo, ao aumentar un 3,5%, case punto e medio máis que no mesmo trimestre do ano anterior (2,1%). Por cotra, o de horas traballadas en España medra un 1,3%, cando no ano anterior o fixera un 2,7%.

Por un lado, a produtividade aparente real volve a incrementarse no segundo trimestre do ano, sendo este crecemento más intenso no caso da produtividade por hora traballada, cunha medra interanual do 2,1% (2,4% no ano precedente). En termos de postos de traballo equivalente a tempo completo este incremento interanual foi do 1,1% fronte ao 1,5% no caso dos postos de traballo (1,5% e 1,8% no ano anterior). En termos nominais, a produtividade aparente presenta un incremento do 4,4% en termos de postos de traballo equivalente a tempo completo e do 5,3% se se mide en relación ao número de horas, porcentaxes inferiores aos rexistrados no ano anterior (4,3% e 4,5%, respectivamente).

Se se considera o PIB en termos monetarios, a produtividade aparente do factor traballo en Galicia segue a ser inferior á da economía española en termos de horas de traballo como en termos de postos de traballo equivalente a tempo completo. En concreto, sitúase un 3,6% por baixo se se mide en relación ao número de horas traballadas e un 1,7% por baixo en termos de postos de traballo equivalente a tempo completo. Con todo, en ambos os dous casos o diferencial con respecto á media española redúcese significativamente en relación ao ano 2019.

Atendendo á distribución segundo sector de actividade, no segundo trimestre de 2025 tan só a construción presenta unha produtividade aparente superior á media española tanto se esta se mide en termos de horas traballadas (16%) como en relación aos postos de traballo equivalente (11,4%). O sector servizos presenta unha produtividade lixeiramente inferior á media estatal, situándose tan só unha décima por baixo no caso da produtividade por posto de traballo equivalente e 1,5 puntos por baixo en termos de horas traballadas.

No que á industria manufactureira se refire, a pesar de situarse moi por baixo da media estatal, o bo comportamento do sector fixo que a produtividade aparente do factor traballo converxera respecto á produtividade española. No segundo trimestre do ano, a produtividade aparente sitúase un 10,7% por baixo da media estatal atendendo ao cociente

Produtividade aparente do factor traballo no II trimestre 2025. Taxas de variación interanual

Horas efectivamente traballadas

	Galicia			España		
	PIB	Emprego	Productividade	PIB	Emprego	Productividade
Total	2,5%	0,4%	2,1%	3,1%	1,3%	1,8%
Sector primario	0,1%	-3,6%	3,7%	0,1%	-1,4%	1,5%
Industria	2,4%	0,8%	1,6%	2,6%	0,7%	1,9%
Industria manufactureira	5,1%	1,1%	4,0%	2,2%	0,8%	1,4%
Construción	6,6%	1,1%	5,5%	4,0%	2,9%	1,1%
Servizos	2,7%	0,7%	2,0%	3,4%	1,4%	2,0%

Postos de traballo equivalente a tempo completo


	Galicia			España		
	PIB	Emprego	Productividade	PIB	Emprego	Productividade
Total	2,5%	1,4%	1,1%	3,1%	3,5%	-0,4%
Sector primario	0,1%	-3,9%	4,0%	0,1%	-1,0%	1,1%
Industria	2,4%	1,0%	1,4%	2,6%	3,4%	-0,8%
Industria manufactureira	5,1%	1,1%	4,0%	2,2%	3,6%	-1,4%
Construción	6,6%	1,6%	5,0%	4,0%	3,2%	0,8%
Servizos	2,7%	2,0%	0,7%	3,4%	3,7%	-0,3%

Fonte: IGE e INE

entre o PIB e os postos de traballo equivalente a tempo completo e un 10% por baixo en termos de horas, cano no ano anterior este diferencial era do 16,5% e 13,5%, respectivamente. De igual forma, o sector primario presenta unha produtividade moi por baixo da media española, ao supoñer o 84,3% da media estatal medida en termos de traballo equivalente a tempo completo e un 77,4% no caso das horas traballadas.


No concernente aos Custos Laborais Unitarios, os datos recollidos nas Contas económicas trimestrais reflicten a tendencia descendente do CLUR, tanto en termos de postos de traballo como de horas traballadas. En concreto, no primeiro trimestre de 2025 esa redución é do 3% respecto ao ano anterior en termos de postos de traballo equivalente a tempo competo, sendo esta caída do 3,2% no caso das horas traballadas e do3,1% no caso dos postos de traballo.

Produtividade aparente do factor traballo en Galicia no II trimestre 2019, 2022-2025. (España = 100)



Fonte: IGE e INE

Evolución do Custo Laboral Unitario real 2020-2025 (base 2020 = 100)



Fonte: IGE

O MERCADO DE TRABALLO NO II TRIMESTRE DE 2025. CONTEXTO GLOBAL POSITIVO

O dinamismo da actividade económica segue sen trasladarse na mesma intensidade ao mercado de traballo, atendendo á evolución de tres dos catro indicadores da ocupación considerados. No último trimestre mellora a participación das persoas no mercado laboral (taxa de actividade) e na ocupación (taxa de emprego), destacando ademais o significativo descenso da taxa de desemprego, así como a mellora da calidade do emprego atendendo á redución da temporalidade.

O balance global positivo viría determinado polo feito de que case todo o emprego creado é emprego indefinido, aumentando o emprego no sector servizos e na industria manufactureira. No último trimestre, a creación de emprego céntrase nos traballadores por conta allea, tano no ámbito público como privado, reducíndose por contra o traballo por conta propia. Ademais, sobresae o dinamismo da ocupación entre as mulleres, permanecendo practicamente estable entre os homes. No que ao desemprego se refire, por primeira vez dende 2014, a taxa de paro feminina é inferior á estimada entre os homes, situándose no 8% e 8,7%, respectivamente. Asemade, salienta a redución nun 11,4% da poboación parada estimada pola EPA, sendo esta máis acusada no caso das persoas que levan máis dun ano nesa situación (-16,1%).

Con todo, estes datos teñen de ser matizados unha vez máis tendo en conta non só que Galicia é unha das CC.AA. coas taxas de actividade e ocupación máis reducidas, senón tamén que o mercado laboral no conxunto de España presenta un maior dinamismo que en Galicia. Asemade, no segundo trimestre do ano aumenta o número de fogares sen preceptores de ingresos.

A evolución das taxas de actividade, ocupación, paro e taxa de temporalidade, indicadores básicos do mercado laboral, permiten realizar unha primeira valoración global positiva do mercado de traballo galego atendendo á mellora destes indicadores en relación ao mesmo período do ano anterior. Con todo, Galicia mantense entre as Comunidades autónomas coas taxas de actividade e ocupación máis reducidas, situándose nunha posición intermedia no que á taxa de paro se refire. Por contra, hai que resaltar que Galicia se sitúa como a cuarta C.A. coa taxa de temporalidade máis reducida tras Madrid, Cataluña e Asturias.

No concernente á taxa de actividade, a participación laboral dos galegos sitúase no segundo trimestre no 53,3%, tres décimas máis que no ano precedente, man-

téndose case seis por baixo do estimado no conxunto do Estado (59%). Esta porcentaxe sitúa a Galicia como a C.A. coa taxa máis reducida igualado con Asturias. A taxa de actividade feminina é notablemente inferior á masculina, con valores do 50,2% e 56,7%, respectivamente, reducíndose significativamente o diferencial ata os 6,5 puntos porcentuais (8,5 no ano anterior). No conxunto do España o diferencial mantense por riba do existente en Galicia (9,5 puntos), aumentando a taxa de actividade feminina ata o 54,4% e a masculina ata o 63,9%.

No que á taxa de ocupación se refire, a relación entre a poboación ocupada e a poboación maior de 16 anos sitúase en Galicia no 48,9%, nove décimas superior á do ano anterior, reducíndose o diferencial con respecto á media estatal que se sitúa en 4,1 puntos fronte aos 4,3 do ano anterior (en España ascende ata o 53%). Esta porcentaxe sitúa a Galicia como a cuarta Comunidade Autónoma con menor taxa de emprego, por diante de Estremadura (47,4%), Andalucía (48,3%) e Asturias (48,7%).

Ao igual que acontece coa taxa de actividade, a participación das mulleres é significativamente inferior á dos homes, sendo o diferencial en Galicia novamente inferior ao estimado no conxunto do Estado. Entre os homes a taxa de emprego sitúase no 51,8% fronte ao 46,2% no caso das mulleres, o que implica un diferencial de 5,6 puntos, fronte aos dez puntos en España (58,1% e 48,1%, respectivamente).

A taxa de paro galega ascende no último trimestre ata o 8,3%, 1,2 puntos inferior á estimada no ano anterior, o que a sitúa a Galicia nunha posición intermedia respecto ao resto das Comunidades autónomas lonxe do rexistrado en País

Taxas de actividade, ocupación, paro e temporalidade no II trimestre 2024

	Galicia	España	Mellores CC.AA.	Peores CC.AA.
Taxa de actividade	53,3%	58,8%	Baleares (65,7%) Madrid (63,6%) Cataluña (62,2%) Canarias (59,9%)	Asturias (53,3%) **Galicia (53,3%)** Castela e León (54,6%) País Vasco (55,4%)
Taxa de ocupación	48,9%	52,1%	Baleares (60,8%) Madrid (58,7%) Cataluña (57,2%) Navarra (54,9%)	Estremadura (47,4%) Andalucía (48,3%) Asturias (48,7%) **Galicia (48,9%)**
Taxa de paro	8,3%	11,3%	Cantabria (7,1%) País Vasco (7,1%) Baleares (7,4%) Aragón (7,6%)	Estremadura (15,5%) Andalucía (14,9%) Canarias (13,3%) Castela A Mancha (13,2%)
Taxa de paro xuvenil (menores 25 anos)	24,0%	15,9%	Baleares (14,0%) Madrid (16,9%) Cataluña (18,1%) Navarra (19,7%)	Estremadura (39,1%) Andalucía (34,3%) Canarias (33,6%) C. Valenciana (30,4%)
Taxa de temporalidade	14,1%%		Madrid (11,3%) Cataluña (11,7%) Asturias (13,9%) **Galicia (14,1%)**	Estremadura (22,3%) Andalucía (19,6%) País Vasco (19,5%) Castela A Mancha (18,0%)

Fonte: INE

Vasco e Cantabria (7,1%), Baleares (7,4%) ou Aragón (7,6%). No conxunto de España a taxa de desemprego descende ata o 10,3%, un punto menos que no ano anterior. O diferencial entre as taxas de Galicia e España aumenta ata os dous puntos porcentuais, o que supón tres décimas máis que no mesmo período do ano anterior. Por primeira vez dende o ano 2014 a taxa de paro feminina en Galicia é inferior á estimada entre os homes, situándose no segundo trimestre do ano no 8% e 8,7%, respectivamente. No conxunto de España, a taxa de paro feminina ascende ata o 11,5% fronte ao 9,2% entre os homes. Ao igual que en Galicia, a taxa de paro feminina é inferior á masculina en Baleares e en País Vasco (7,2% e 5,9%, respectivamente).

Poboación activa

O número de persoas activas no segundo trimestre do ano ascende a 1.271.600 persoas, 16.200 máis que no ano precedente, o que supón unha medra interanual do 1,3%, tres décimas inferior á estimada no conxunto de España (1,6%). Ao igual que o acontecido no trimestre anterior, o devandito incremento ven motivado tan só polo comportamento das mulleres, con 19.200 persoas activas máis que no mesmo período do ano precedente (3,2%), o que contrasta co descenso en 3.000 persoas no caso dos homes (-0,5%). No conxunto de España a poboación activa medra en ambos os dous casos dende o segundo trimestre de 2021, situándose as taxas de variación interanual no 1,4% entre os homes e no 1,7% entre as mulleres no segundo trimestre de 2025.

Principais datos do mercado de traballo en Galicia 2023-2025

miles de persoas	2023	2024	2024				2025	
			I	II	III	IV	I	II
Poboación maior de 16 anos	2.358,8	2.372,0	2.368,0	2.368,1	2.373,5	2.378,5	2.381,0	2.385,0
Poboación activa	1.250,0	1.262,3	1.259,3	1.255,4	1.271,9	1.262,7	1.261,1	1.271,6
25 - 34 anos	211,3	212,4	213,3	211,0	211,4	213,9	211,1	216,6
Poboación ocupada	1.128,5	1.144,0	1.127,7	1.135,6	1.159,4	1.153,3	1.150,1	1.165,5
Conta propia	210,0	208,8	208,5	212,6	210,6	203,5	208,9	205,2
Conta allea	918,5	934,8	919,2	923,0	948,8	948,2	940,1	959,3
Outra situación	0,1	0,4	-	-	-	1,6	1,1	1,0
Poboación parada	121,4	118,3	131,6	119,8	112,5	109,4	111,0	106,1
Parado longa duración	42,8	39,5	43,1	40,4	35,6	38,8	33,2	33,9
Poboación inactiva	1.108,8	1.109,7	1.108,7	1.112,7	1.101,6	1.115,8	1.119,9	1.113,4
Taxa de actividade	53,0%	53,2%	53,2%	53,0%	53,6%	53,1%	53,0%	53,3%
Taxa de ocupación	47,8%	48,2%	47,6%	48,0%	48,8%	48,5%	48,3%	48,9%
Taxa de paro	9,7%	9,4%	10,5%	9,5%	8,8%	8,7%	8,8%	8,3%
Taxa de temporalidade	119,4%	15,9%	15,3%	15,2%	17,3%	15,9%	13,7%	14,1%
Afiliacións (media trimestral)	1.055,1	1.072,9	1.055,0	1.075,9	1085,6	1.075,1	1.070,8	1.093,8
Paro rexistrado (media trimestral)	1.345,0	123,1	130,2	122,1	119,24	120,9	120,5	111,5

Fonte: IGE


Xunto ao desigual comportamento da poboación activa entre mulleres e homes, cómpre mencionar que o devandito incremento da poboación activa estímase tanto entre as persoas de nacionalidade española como na poboación estranxeira. En concreto, a poboación estranxeira medra un 6,3% (6.000 persoas máis) fronte ao incremento do 0,9% entre as persoas españolas (10.100 menos). Asemade, cómpre mencionar o incremento do número de activos medra entre aquelas persoas con estudos superiores rematados (20.500 persoas máis; 3,6%), persoas maiores de 55 anos (18.400 persoas máis; 6,5%) e entre as que teñen de 25 a 34 anos (2,7%; 5.600 persoas).

Fronte a ese incremento, a poboación activa descende de xeito moi significativo entre aqueles con estudos primarios ou inferior (7.000 persoas menos que no segundo trimestre do ano anterior; -17,6%) e entre os que teñen unha idade comprendida entre 35 e 44 anos (9.200 persoas menos; -2,9%).

Ocupación


O importante dinamismo da economía galega no segundo trimestre en relación ao ano anterior non se traslada na mesma intensidade ao mercado de traballo tendo en conta o ritmo de crecemento de tres dos catro indicadores da ocupación considerados. En Galicia tan só a poboación ocupada estimada pola EPA presenta unha medra interanual superior á do PIB; en concreto, 2,6% (unha décima máis que o PIB), o que contrasta co 0,3% do ano anterior. Doutra banda, as afiliacións aumentan un 1,7%, unha décima menos que no segundo trimestre do ano anterior. Asemade, as contas económicas reflicten unha lixeira ralentización no ritmo de crecemento do emprego, dado que os postos de traballo equivalentes a tempo

Poboación activa 2024.
Variación interanual no II trimestre de 2025



Fonte: IGE.

Poboación activa, ocupada e parada 2023-25: distribución segundo sexos



Fonte: IGE.

completo medran un 1,4% fronte o 1,5% rexistrado no ano anterior; mentres que o número de horas traballadas o fixo nun 0,4% (0,6% en 2024). Ao igual que en anos anteriores, o mercado laboral en España presenta un mellor comportamento

que en Galicia, aumentando as afiliacións un 2,2%, os postos de traballo equivalente a tempo completo un 3,5%; e o número de horas traballadas un 1,3%.

No concernente ao número medio de afiliacións en alta laboral ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no segundo trimestre ascende a 1.093.750 persoas afiliadas, o que supón en torno ás 17.900 afiliacións máis que no ano anterior. En termos relativos as afiliacións medran en Galicia un 1,7%, cinco décimas por baixo do rexistrado en España. Tanto en Galicia como no conxunto do Estado este incremento afecta lixeiramente en maior medida ao emprego masculino, situándose na Comunidade autónoma a taxa de variación interanual no 1,7% (8.172 afiliacións máis) fronte ao 1,6% entre as mulleres (8.523 afiliacións). Esta medra é máis intensa en España en ambos os dous casos: 2,2%, respectivamente.

No que se refire á análise da poboación ocupada, o emprego medrou en Galicia en 29.900 persoas, ascendendo o número de persoas ocupadas ata as 1.165.500 persoas. En termos relativos o incremento foi do 2,6%, o que contrasta co incremento do 0,3% estimado no mesmo período do ano precedente. Ao igual que no trimestre anterior, o devandito incremento prodúcese tan só entre as mulleres, aumentando a ocupación en 30.800 persoas (5,7%), fronte ao descenso en 3.000 persoas ocupadas entre os homes (-0,2%). Se ben o mercado laboral español presenta un mellor comportamento que o galego, a ocupación feminina presenta en Galicia un maior dinamismo ao medrar un 5,7% fronte ao 3% no conxunto do Estado, o que contrasta cunha medra da ocupación entre os homes do 2,4% en España fronte ao devandito descenso do 0,2% en Galicia.

Centrándose na análise das cifras totais da ocupación estimadas pola EPA, xunto ao devandito balance global positivo atendendo á mellora das taxas de ocupación, actividade e paro, e que a creación de emprego céntrase nas mulleres, cómpre mencionar en primeiro lugar que todo o emprego creado é emprego indefinido, situándose ademais Galicia entre as CC.AA. con menor taxa de temporalidade. A creación de emprego ven motivado pola evolución no sector servizos, onde salientan as actividades sanitarias e servizos sociais, así como pola industria, basicamente a actividade manufactureira. Asemade, mellora a posición dos fogares tendo en conta o descenso do número de fogares onde todas as persoas activas están en situación de desemprego e o aumento daqueles onde os seus activos están ocupados. Por contra, o mercado de traballo galego presenta novamente un menor dinamismo que no conxunto do Estado así como moi reducidas taxas de actividade e ocupación. Ademais, no segundo trimestre do ano volve a aumentar o número de fogares sen preceptores de ingresos.

Atendendo ao nivel formativo das persoas ocupadas, o incremento concéntrase fundamentalmente entre as persoas de maior nivel formativo, aumentando en 30.900 persoas entre aqueles que teñen educación superior rematada (5,9%), aumentando a ocupación en 1.500 persoas entre as que posúen estudos primarios incompletos. Por contra, redúcese a ocupación en 6.000 persoas entre aquelas con estudos primarios, sendo esta destrución de emprego superior entre os homes (4.100 persoas menos; -22,4%) que entre as mulleres (2.000 menos; -19,8%). No

Poboación ocupada en Galicia II trimestre 2025: distribución segundo sectores económicos, situación profesional, idade e nivel de formación acadado

	Galicia (en miles de persoas)			Galicia/España (%)		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Total	1.165,5	590,1	575,4	2,6	-0,2	5,7
Situación profesional						
Traballadores por conta propia	205,2	120,8	84,4	-3,5	-3,3	-3,8
Empregador	65,4	41,0	24,4	1,9	7,0	-5,8
Empresarios sen asalariados	136,1	78,0	58,1	-6,5	-8,0	-4,4
Membros cooperativas	0,8	0,6	0,2	-	-14,3	-
Axuda na empresa ou negocio familiar	2,9	1,2	1,7	52,6	9,1	112,5
Asalariados	959,3	468,9	490,5	3,9	0,6	7,4
Sector público	197,4	77,6	119,8	5,9	0,5	9,6
Sector privado	762,0	391,3	370,7	3,5	0,6	6,6
Grupos de idade						
16-19 anos	5,4	2,5	2,9	12,5	-26,5	107,1
20-24 anos	45,7	24,3	21,3	6,5	-5,1	23,8
25-34 anos	190,7	96,0	94,7	4,0	2,7	5,2
35-44 anos	279,8	143,1	136,6	-2,5	-2,9	-2,1
45-54 anos	362,5	184,4	178,2	2,1	-0,4	4,8
55 e máis anos	281,5	139,8	141,6	7,4	2,9	12,1
Nivel de formación acadado (1)						
Analfabetos e Estudos primarios incompletos	2,8	2,2	0,7			-
Educación primaria	22,3	14,2	8,1	-21,2	-22,4	-19,8
Ed. secundaria. Primeira etapa ou similar	305,1	183,4	121,7	0,5	-1,1	3,0
Ed. secundaria. Segunda etapa, orientación xeral	137,3	68,9	68,4	0,7	-5,1	7,4
Ed. secundaria. Segunda etapa, orientación profesional	141,0	77,9	63,1	0,9	-3,3	6,6
Educación superior	557,0	243,5	313,4	5,9	4,4	7,0

(1) Educación primaria inclúe estudios primarios incompletos, Educación secundaria inclúe 1ª etapa, 2ª etapa orientación xeral e profesional, e Educación superior inclúe doutorado
Fonte: INE, EPA

que atinxe aos grupos de idade, salienta o incremento da ocupación experimentado entre os maiores de 55 anos (7,4%; 19.300 persoas ocupadas máis) impulsado pola evolución entre as mulleres, con 15.300 ocupadas máis (12,1%); así como entre aquelas con idades comprendidas entre 25 e 34 anos e 45-54 anos, con 7.300 persoas ocupadas máis (4% e 2,1%, respectivamente). Fronte a este incremento, descende a ocupación en 7.200 persoas entre aquelas que teñen unha idade comprendida entre 35 e 44 anos (-2,5%).

Atendendo á situación profesional das persoas ocupadas, a creación de emprego en Galicia rexístrase tan só na ocupación por conta allea, tanto no sector público como privado, o que contrasta co descenso do número de persoas traballadoras por conta propia, e máis concretamente, de persoas empresarias sen asalariados. Isto contrasta co comportamento

no conxunto de España onde o emprego creado prodúcese tanto no caso persoas traballadoras por conta propia como no emprego asalariado.No concernente ao emprego por conta propia, Galicia caracterízase no segundo trimestre do ano por unha significativa redución do número de persoas empresarias sen asalariados, máis intensa entre os homes que entre as mulleres, o que contrasta co incremento experimentado no conxunto de España. En concreto, o número de persoas empresarias sen asalariados descende en Galicia un 6,5% (9.500 persoas menos), sendo esta caída do 8% entre os homes (6.800 persoas) e de 4,4% entre as mulleres (2.700 persoas). Isto contrasta co incremento de empresarios empregadores nun 1,9% (1.200 persoas ocupadas máis) por mor da medra experimentada entre os homes (7%; 2.700 persoas máis) a diferenza do que acontece entre as mulleres (-5,8%; -1.500 persoas). Tras esta evolución, o número de persoas ocupadas por conta propia redúcese en Galicia un 3,5% (7.400 ocupados), resultado dunha caída do 3,8% entre as mulleres (3.300 persoas menos) e un 3,3% entre os homes (-4.100 ocupados menos).

No que atinxe ao emprego asalariado, o devandito incremento da ocupación ven motivado fundamentalmente polo comportamento do emprego feminino, cunha medra do 7,4% (33.600 persoas) fronte a tan só un 0,6% no caso dos homes (2.800 persoas máis). Asemade, o emprego asalariado medra tanto no sector privado, cun incremento do 3,5% (25.500 persoas) como no ámbito público, cunha medra do 5,9% (11.000 persoas). Por contra, o mercado laboral español presenta un descenso interanual do emprego asalariado no sector público (-1%), aumentando por contra un 3,9% no sector privado.

Poboación ocupada II trimestre de 2025: distribución segundo sexo e ramas de actividade

	2025 (en miles de persoas)			25/24 (taxa variación interanual)		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Total	1.165,5	590,1	575,4	2,6%	-0,2%	5,7%
Sector Primario	66,4	43,2	23,2	-7,1%	-6,9%	-7,9%
Agricultura, gandaría, caza e silvicultura	51,3	31,6	19,7	-2,7%	0,0%	-6,6%
Pesca e acuicltura	15,1	11,6	3,5	-19,7%	-21,6%	-14,6%
Industria	195,7	138,7	57,0	9,4%	8,0%	13,3%
Industrias extractivas	3,5	2,8	0,7	-14,6%	-26,3%	250,0%
Industria manufactureira	177,2	125,4	51,8	8,7%	8,7%	9,1%
Enerxía, subministro de auga e xestión de residuos	15,0	10,5	4,5	27,1%	14,1%	73,1%
Construción	79,4	71,7	7,7	-4,9%	-5,2%	-3,8%
Servizos	824,0	336,5	487,6	2,8%	-1,2%	5,7%
Comercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	173,5	80,1	93,4	0,3%	-6,2%	6,6%
Transporte e almacenamento	58,4	44,2	14,2	4,8%	9,1%	-6,6%
Hostalaria	73,6	27,7	45,9	-6,0%	-6,7%	-5,6%
Act. de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais	175,3	79,2	96,1	5,5%	-2,8%	13,5%
Admón. pública e defensa; seguranza social obrigatoria	63,5	34,9	28,6	-0,2%	-5,2%	6,3%
Educación	80,2	27,0	53,2	-1,0%	11,6%	-6,5%
Actividades sanitarias e de servizos sociais	121,0	21,9	99,1	11,6%	-2,7%	15,2%
Resto de servizos	78,5	21,5	57,1	4,1%	7,0%	3,3%


Fonte: IGE

No que atinxe á distribución sectorial, o incremento da poboación ocupada ven explicado polo comportamento do sector servizos e da industria, impulsada en maior medida pola actividade manufactureira. Por contra, redúcese o emprego no sector primario e na construción. Dunha banda, o sector servizos presenta unha medra do 2,8%, o que supón 22.300 persoas máis, impulsado fundamentalmente pola creación de emprego nas actividades sanitarias e de servizos sociais, con 12.600 persoas ocupadas máis (11,6%), e as actividades administrativas e servizos auxiliares, con 3.800 persoas máis (7,6%); o que contrasta coa redución en 4.700 persoas na hostalería. Doutra banda, o emprego no sector industrial medra un 9,5% (16.900 persoas ocupadas máis) impulsado pola creación de emprego na industria manufactureira, quen presenta un incremento de 14.200 persoas (8,7%). Entre as actividades englobadas na actividade manufactureira cómpre resaltar a de metalurxia e produtos metálicos, cunha medra de 8.000 persoas (22,3%), así como as de alimentación, cunha medra interanual de 6.400 persoas (14,9%). O sector enerxético presenta un incremento de 3.200 persoas, o que supón un 27,1% máis que na mesma data do ano anterior. No extremo oposto, a destrución de emprego no sector primario ascende a 5.100 persoas (-7,1%), reducíndose a ocupación tanto nas ramas agrogandeiras (1.400 persoas menos; 2,7%) como en maior medida na pesca (3.700 persoas; -19,7%). No ámbito da construción a destrución de emprego ascende a 4.100 persoas, o que supón un 4,9% menos que no ano anterior.

Tras esta evolución, o sector servizos concentra o 70,7% da poboación ocupada en Galicia (824.000 persoas), representando o conxunto das ramas manufactureiras o 15,2% (177.200 persoas ocupadas). O sector da construción concentran o 6,8% da poboación ocupada total en Galicia (79.400 persoas) e as actividades do sector primario o 5,7% (66.400 persoas). No ámbito do sector servizos a actividade que concentra o maior número de ocupados é a de comercio, cun 15,2% da poboación ocupada, por diante das actividades sanitarias e de servizos sociais, cun 10,4%, e a educación, co 6,9%.

Se se compara esta estrutura coa existente no mesmo trimestre de 2019, cómpre resaltar o desigual comportamento entre sectores ou ramas de actividade. Dunha banda cómpre mencionar o incremento do peso relativo das actividades sanitarias e servizos sociais en nove décimas, por diante da construción e a metalurxia (sete décimas); doutra banda, descende en nove décimas a importancia relativa do conxunto do sector servizos, entre as que salienta a caída do peso do comercio (1,4 puntos); o comercio (8 décimas menos); e a administración pública e defensa, seguridade social obrigatoria (sete décimas menos).

Estrutura da ocupación en Galicia II trimestre de 2019 e 2025. Peso relativo sobre a poboación ocupada total



Fonte: IGE

Calidade do emprego

No segundo trimestre do ano todo o emprego por conta allea creado, tanto en Galicia como en España, é emprego indefinido. Entre abril e xuño de 2025 Galicia presenta unha medra interanual do 5,2% das persoas asalariadas con contrato indefinido (41.000 persoas) e un descenso do 3,2% entre aquelas persoas con contrato temporal (-4.500 persoas). No conxunto do Estado, o emprego asalariado con contrato indefinido medra un 3,6% respecto ao ano anterior, descendendo un 0,7% o emprego temporal.

A análise da desagregación segundo sexo reflicte que no segundo trimestre do ano o emprego indefinido medra en Galicia tanto entre os homes como en maior medida entre as mulleres. En concreto, o emprego indefinido medra no primeiro caso un 2,3% respecto ao ano anterior (9.300 persoas), aumentando un 8,4% entre as mulleres (31.600 persoas). No conxunto de España o emprego indefinido presenta un crecemento en ambos os dous casos, situándose as taxas de variación interanual no 4,1% entre as mulleres e no 3,1% entre os homes. No concernente ao emprego temporal, o descenso en Galicia prodúcese tan só entre os homes; en concreto, o emprego temporal redúcese un 11% entre os homes (6.500 persoas menos) fronte ao incremento do 2,5% entre as mulleres (2.000 persoas). O mercado laboral en España presenta unha caída dos contratos temporais entre as mulleres (-1,6%), aumentando lixeiramente entre os homes (0,4%).

Tras esta evolución, a taxa de temporalidade descende ata o 14,1%, case punto e medio inferior á rexistrada no conxunto de España (15,4%), porcentaxe que sitúa a Galicia como a cuarta C.A. coa taxa máis reducida tras Madrid, Cataluña e Asturias. Atendendo a este indicador, a calidade de emprego feminino é sensiblemente inferior á masculina dado que a taxa de temporalidade entre as mulleres se sitúa en Galicia no 16,9% fronte ao 11,2% no caso dos homes. Do mesmo xeito, no conxunto de España a temporalidade oscila entre o 17,5% no caso das mulleres e o 13,4% no dos homes. Xunto á devandita caída da temporalidade en relación ao ano anterior, aumenta o diferencial existente, que en Galicia se sitúa en 5,7 puntos fronte aos 5 do mesmo trimestre do ano precedente (4,1 e 4,7 en España, respectivamente).

O devandito descenso das persoas asalariadas cunha contratación temporal prodúcese en Galicia no ámbito privado, cunha caída interanual do 7,6% (6.500 persoas menos), aumentando por contra no sector público un 3,3% (1.800 persoas máis). A diferenza do que acontece en Galicia, no conxunto de España o descenso prodúcese no sector público, cunha redución do

4,8%, aumentando por contra un 1,5% no sector privado. Deste xeito, a taxa de temporalidade no ámbito público redúcese ata o 28,5%, máis de dezaoito puntos por riba do estimado para o sector privado (10,4%), situándose no conxunto do Estado en 27,8% e 12,6%, respectivamente.

Por último cómpre facer referencia á ocupación segundo tipo de xornada. Dunha banda, tanto no conxunto de España como en Galicia aumenta o emprego a tempo completo e en maior medida a ocupación a xornada a tempo parcial. En concreto, a emprego a xornada completa aumenta un 2,5% en Galicia (24.400 persoas máis), aumentando a ocupación a xornada a tempo parcial un 3,3% (5.600 persoas menos). No conxunto do Estado estas taxas de crecemento sitúanse no 2,3% e 5,1%, respectivamente.

A análise da desagregación segundo sexo reflicte que no segundo trimestre do ano o emprego a tempo parcial medra en maior medida entre as mulleres que entre os homes; en concreto, un 4,4% (5.100 persoas máis) e 1,3% (500 persoas), respectivamente. Ao mesmo tempo, o número de persoas ocupadas a xornada a tempo completo prodúcese tan só entre as mulleres, cunha medra do 6% (25.800 persoas) o que contrasta co descenso do 0,2% entre os homes (1.300 persoas menos). Tras esta evolución, o 75,2% das persoas ocupadas a tempo parcial en Galicia son mulleres, seis décimas superior ao estimado no ano anterior; en tanto que no caso do emprego a tempo completo o seu peso relativo descende ata o 45,3% (43,8% no mesmo período de 2024).

Atendendo ás causas da parcialidade, o motivo principal segue a ser o de non poder atopar un traballo a tempo completo, que no segundo trimestre do ano representaba o 42,6% do total (42,9% no ano precedente). A segunda causa de parcialidade é o coidado de nenos ou adultos, enfermos ou maiores, que representa o 17,4% fronte ao 19,6% do ano anterior. Non obstante, estes datos presentan unha acusada desigualdade entre mulleres e homes, xa que esta causa supón o 21% entre as mulleres fronte ao 6,3% entre os homes (25,1% e 3,6% no ano precedente).

Por último, se se considera tan só o emprego asalariado indefinido, oito de cada dez persoas asalariadas con contrato indefinido a tempo parcial en Galicia son mulleres (80%), máis de dous puntos inferior ao estimado no segundo trimestre do ano anterior (82,2%); en tanto que no caso do emprego a tempo completo o seu peso relativo aumenta ata o 44,7% (43,1% no mesmo período de 2024). Asemade, o 21,9% das mulleres asalariadas con contrato indefinido teñen un emprego a tempo parcial o que contrasta co 5,4% estimado entre os homes (21,6% e 4,3% no ano precedente, respectivamente).

Desemprego

Os datos das oficinas de emprego e as estimacións da poboación parada recollidas na EPA reflicten que no segundo trimestre de 2025 continúa o descenso do desemprego en Galicia. Con todo, esta redución prodúcese en distinta intensidade segundo o indicador que se considere; en concreto, a poboación parada estimada pola EPA redúcese un 11,4% respecto ao meso período do ano anterior, en tanto que o paro rexistrado redúcese un 8,7%. Tras esta evolución a taxa de desemprego redúcese ata o 8,3%, dous puntos por baixo da media española, o que a sitúa nunha posición intermedia respecto ao resto das CC.AA.

Entre abril e xuño de 2025 o paro rexistrado descende un 8,7% respecto ao ano anterior, porcentaxe superior ao experimentado en España (-5,9%), para situarse nas 111.480 persoas, o que supón 10.600 persoas menos que no ano precedente.

Doutra banda, a poboación parada en Galicia descende un 11,4% para situarse en 106.100 persoas, 13.700 menos respecto ao ano anterior. Este caída rexístrase basicamente entre as mulleres, cunha redución interanual do 18,8% (11.600 paradas menos), descendendo entre os homes un 3,6% (2.100 paradas menos). Tras esta evolución Galicia conta con 50.200 mulleres desempregadas (47,3%) e 55.900 homes desempregados (52,7%). Do mesmo xeito, o mercado laboral español presenta unha redución en ambos os dous casos, sendo esta caída do 7,4% entre os homes e do 7,3% entre as mulleres.

A taxa de paro, que mide a relación entre a poboación parada e a poboación activa, reflicte que por primeira vez dende o ano 2014 o desemprego en Galicia afecta en maior medida ao desemprego entre os homes. Dunha banda, a taxa de paro entre as mulleres descende ata o 8% fronte ao 8,6% entre os homes. Por contra, no conxunto do Estado a taxa de paro feminino descende ata o 11,5%, máis de dous puntos superior á estimada entre os homes (9,2%).

As persoas menores de 25 anos, estranxeiros e con estudios primarios volven a ser os colectivos máis afectados polo desemprego a pesar da súa redución. Dunha banda, a taxa de paro entre os menores de 25 anos descende no último trimestre ata o 24%, máis de tres puntos inferior ao estimado na mesma data do ano anterior (27,2%), reducíndose entre as persoas de 25 a 54 anos ata o 7,7% (8,9% no ano precedente), situándose no 6,7% entre os maiores de 55 anos (7,5% en 2024). Doutra banda, atendendo ao nivel de estudos rematados, a taxa de paro descende a medida que aumenta o nivel formativo; así, entre as persoas con estudos primarios a taxa de paro descende ata o

Evolución da poboación parada e da taxa de paro en Galicia 2023-2025.

Trimestre	2022	2023	2024 I	2024 II	2024 III	2024 IV	2025 I	2025 II
(en miles de persoas)								
Poboación parada	138,6	117,2	131,6	119,8	112,5	109,4	111,0	106,1
Homes	67,0	56,2	64,8	58,0	55,9	48,7	52,7	55,9
Mulleres	71,6	61,0	66,8	61,8	56,6	60,7	58,2	50,2
Paro de longa duración	52.7	41.0	43.1	40.4	35.6	38.8	33.2	33.9
(Taxa de variación interanual; %)								
Poboación parada	-8,2	-15,4	-2,5	2,2	-5,2	-4,8	-15,7	-11,4
Homes	-6,2	-16,1	1,1	3,2	0,5	-9,5	-18,7	-3,6
Mulleres	-9,9	-14,8	-5,8	1,3	-10,3	-0,7	-12,9	-18,8
Paro de longa duración	-15,1	-22,2	-9,1	-1,5	-13,0	-7,6	-23,0	-16,1
(porcentraxe de poboación activa; %)								
Taxa de paro								
Total	11,2	9,4	10,5	9,5	8,8	8,7	8,8	8,3
Homes	10,4	8,8	10,0	8,9	8,6	7,6	8,2	8,6
Mulleres	11,9	10,0	10,9	10,2	9,2	9,8	9,4	8,0
Segundo nivel de estudios								
Estudios primarios	25,2	27,1	22,5	23,8	16,2	21,6	19,2	23,6
ESO. 1ª etapa	13,6	10,3	12,4	11,1	11,3	11,7	12,0	10,7
ESO. 2ª etapa	13,5	10,4	11,9	10,3	9,2	9,8	10,0	10,4
Educación superior	7,7	7,0	7,6	7,1	6,7	5,6	5,7	5,1
Segundo grupos de idade								
Menores de 25 anos	35,3	23,8	28,1	27,2	23,7	24,0	26,0	24,0
De 25 a 54 anos	10,1	8,7	9,7	8,9	7,8	7,9	7,9	7,7
Maiores de 55 anos	9,9	8,4	9,0	7,5	8,5	7,6	7,9	6,7
Segundo nacionalidade								
Española	10,5	8,5	9,4	8,7	7,8	7,9	8,0	7,2
Estranxeira	20,9	22,5	23,5	20,4	22,0	17,9	18,8	21,9

23,6% no segundo trimestre, dúas décimas menos que no ano precedente, o que contrasta co 5,1% entre as persoas con estudos superiores (7,1% en 2024). Por último, a taxa de desemprego aumenta entre as persoas con nacionalidade estranxeira ata o 21,9%, punto e medio superior á estimada para o segundo trimestre de 2024, o que contrasta co descenso experimentado entre as persoas de nacionalidade española, que se sitúa no 7,2% (8,7% no ano precedente).

Xunto ao devandito comportamento

cómpre mencionar a redución do paro de longa duración, descenso que se produce con moita maior intensidade que no conxunto de España. No segundo trimestre de 2025 un total de 35.500 persoas galegas levan máis dun ano en situación de desemprego, o que supón un 20,6% menos que no ano anterior, porcentaxe que se sitúa en tan só un 10,1% no conxunto do Estado. Tras esta evolución, o 33,5% das persoas en paro levan máis dun ano en procura de emprego, case catro puntos menos que en 2024 (37,3%), situándose esta porcentaxe no 38,8% en España.

Por último, cómpre facer referencia á situación dos fogares galegos segundo a tipoloxía de actividade. Un primeiro aspecto positivo é o descenso do número de fogares con todos os seus activos en situación de desemprego. En concreto, tras un descenso interanual do 14,5%, Galicia conta con 37.000 fogares con todos as persoas activas en paro, 6.300 fogares menos que no ano anterior, o que representa o 3,3% dos fogares galegos (3,8% no mesmo período do ano anterior). Ademais, aumenta o número de fogares onde todas as persoas activas están ocupadas, acadando os 674.700 fogares, o que supón un 2,6% máis que no ano precedente (17.100 fogares máis). Con todo, no segundo trimestre do ano aumenta o número de fogares sen perceptores de ingresos, que se sitúa en 25.900 fogares, un 7% máis que no ano precedente (1.700 fogares máis).

www.foroeconomicodegalicia.es

O Foro Económico de Galicia é unha plataforma de transferencia de coñecemento en materia económica dende as empresas e universidades galegas á sociedade e aos espazos de decisión pública. O Foro integra a profesores e investigadores, empresarios e directivos representativos dos diferentes sectores e áreas de Galicia, e xornalistas galegos de referencia.

SOCIOS


ABANCA
Asociación Gallega Empresa Familiar
civisglobal
construimos entorno
COREN
CORPORACIÓN DE SERVIZOS AUDIOVISUAIS DE GALICIA
Cruz Roja
ECOENER
Galuresa
Algo más que gasolineras
Hijos de Rivera
Hierros AÑÓN, S.A.
JEALSA
LENCE
MEGASA
Naturgy
GrupoNogar
PÉREZ RUMBAO
ReVi
reganosa
Rodiñas
Rodman
ZFV
CONSORCIO ZONA FRANCA DE VIGO
Universidade Vigo



ABANCA

Foro económico de Galicia

Informe de Conxuntura socioeconómica

III / 2025

Fernando González Laxe (coord.)
José Francisco Armesto Pina
Patricio Sánchez Fernández
Santiago Lago Peñas